

2.1.-Factores físicos e diversidade de paisaxes e ecosistemas.

Por aforrar, alguén tivo a idea de que este ano, no canto do tradicional viaxe a Italia, a excursión de fin de curso vai ter como destino Estremadura. Pararase no val do Jerte e varias localidades da rexión (Plasencia, Cáceres, Trujillo, Medellín, Mérida e Badajoz) e no programa decidiuse a inclusión dunha ruta en bicicleta polo Parque Nacional de Monfragüe.

Hai que facer unha guía para o alumnado participante e as súas familias. O traballo que fagas para el *vai contar para nota* e, aínda que non che apetecía moito en principio, decidiches encargarte da parte referente ao Parque Nacional de Monfragüe. Deberás centrarte na litoloxía, o clima e a vexetación característica da zona.

Un compañeiro encargouse da documentación e pasouche un artigo sobre o Parque e catro imaxes pero só podes incorporar dúas ao teu traballo. Ademais pareceche que a escolla non foi moi axeitada e que algunha delas non ten que ver co que che encargaron. Escolle as dúas que consideres máis axeitadas para acompañar o teu texto xustificando a túa elección. Procura empregar un vocabulario xeográfico axeitado.


TEXTO

“Monfragüe e a súa contorna caracterízanse por un clima mediterráneo de influencia continental, no que a orientación das serras e a presenza de ríos de importante entidade xeran certas peculiaridades [...]”


O relevo é o típico duns materiais silíceos antigos [...] e a súa característica principal é a de estar constituídos por unha alternancia de rochas resistentes (cuarcitas e areniscas) e rochas fráxiles (pizarras), erosionadas de modo diferencial, onde as capas máis duras coinciden cos resaltes ou cristas de serra e as rochas brandas son erosionadas con facilidade, encontrándose nos vales onde se encaixa a rede fluvial.[

A área conserva unha das máis estensas e mellor conservadas manchas de bosque e matorral mediterráneo, que fai que sexa considerado un dos últimos ecosistemas virxes do continente europeo. [...]”


FONTE: [Guía de visita del parque natural de Monfragüe.](#)




Imaxe 1



Imaxe 2



Imaxe 3



Imaxe 4

RÚBRICA

	CONTIDO	REDACCIÓN
MOI DEFICIENTE (0-0'74 ptos.)	Só realiza unha paráfrase do texto. A elección das imaxes non está xustificada. Escolle as imaxes 1 e 4.	É moi pobre. Non se usa o léxico propio da disciplina e o uso dos conceptos resulta impreciso.
DEFICIENTE (0'75-1'24 ptos.)	O informe é superficial. Non identificas as relacións entre clima, litoloxía e vexetación. Escolle como válida a imaxe 1 ou a 4.	É pobre. Contén imprecisións no uso dos conceptos e frases incoherentes. Non emprega a linguaxe propia da materia.
APROBADO (1'25-1'74 ptos)	O texto elaborado identifica parcialmente as relacións entre clima, litoloxía e vexetación. A explicación das imaxes é argumentada de xeito parcial. Escolle como válida a imaxe 2 ou 3.	Correcta en liñas xerais pero sen referencias ao texto para enriquecer a súa explicación.
NOTABLE (1'75-2'24 ptos.)	O texto elaborado contén unha exposición argumentada das relacións entre clima, litoloxía e paisaxe. Escóllense como válidas as imaxes 1 e 3.	É correcta. Introduce referencias ao texto para enriquecer a explicación
SOBRESALIENTE (2'25-2'5 ptos.)	O texto elaborado contén un informe coherente e completo. Escóllense as imaxes 1 e 3 e incorpora unha explicación da adaptación da sobreira a litoloxía e o clima da zona.	Correcta. Hai referencias ao texto para enriquecer a explicación e as relacións están ben traídas co uso de conectores que enriquecen o discurso e converten a súa lectura nalgo fluído e coherente.